

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE XULLO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 2 de xullo de dous mil vinte e catro ; as nove horas xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 21 de xuño de 2024..

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **Outorgamento licenza de obras 1732/2022 RIB / N/ 100.2/23**

Vista a solicitude formulada por don Celso Rodríguez Estévez en representación de Teresa González González para PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA INSTALACIÓN DE REHABILITACIÓN DE CUBERTAS nas parcelas con referencia catastral 9610603NG6891S e 9610604NG6891S

*Consta no expediente:*

-PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE CUBERTAS, visado nº 2402973,4 11.06.2024 e redactado polo arquitecto Celso Rodríguez Estévez arquitecto Colexiado nº 2.527 do COAG, para nova cuberta formada por tella cerámica curva, sobre taboleiro hidrófugo, con lámina impermeable, illamento térmico, e execución de tabiques de ladrillo para apoio de estrutura de cuberta no edificación identificada co nº 30 (45); colocación de novos canlóns e baixantes de cinc; e ademais rematarase a fachada da edificación que actualmente está en ladrillo sen revestir, con un revoco de morteiro de cemento con acabado liso e posterior pintado en cor branco.

-Autorización, do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, previo á concesión da Licenza de Obras, segundo o apartado 6.3.2.1. d) da Normativa do PXOM e do artigo 39 da lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Begoña Arregui Rodríguez de 24/6/2024.

-Informe do Secretario municipal de 24/6/2024.

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :*

Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas no PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE CUBERTAS, visado nº 2402973,4 11.06.2024 e redactado polo arquitecto Celso Rodríguez Estévez arquitecto Colexiado nº 2.527 do COAG nas parcelas con referencia catastral 9610603NG6891S e 9610604NG6891S.

## 1 Condicións particulares:

Estarase ao disposto na Resolución do Consello Territorial de Patrimonio Cultural, asinada en data 22 de novembro de 2023:

- O material de cuberta será de tella cerámica curva, e a suxeición será con ganchos de aceiro inoxidable, sen morteiros de cemento.
  - Non se alterará a posición e forma orixinal da cuberta, o seu número de vertentes nin a pendente orixinal destes. Os encontros entre vertentes nos cumios e limatesas resolveranse co propio material de cubrición, evitando o uso de elementos metálicos vistos. De colocarse placas de fibrocemento baixo tella, láminas impermeables ou illamento térmico, non poderán resultar visibles desde ningún punto do perímetro exterior da cuberta.
  - Non se enroscarán con morteiro nin pintarán as frontes das tellas no beirado nin no cumio.
  - Si se renovaran ou instalaran os canlóns e baixantes, ou calquera outro elemento de saneamento visto, estes deberán ser de sección circular e a base de materiais tradicionais (zinc ou cobre). Prohíbese o emprego de aluminio, PVC ou semellantes nin aqueles que imiten ós anteriores.
  - Deberase manter a solución orixinal de beirados existentes, que serán sempre de escasa entidade, polo que se prohíbe calquera beirado cun voo maior que os actuais.
  - A cor empregada na fachada deberá ser de tons neutros (branca, beixe, gris clara...), e en calquera caso adaptarse á Guía de cor e materiais de Galicia, debendo empregarse cores das dúas primeiras fileiras das mostras de cores para os Fondos e elementos compositivos, ao seren estas as permitidas nos panos xerais de acordo co indicado na propia guía. Deberase empregar un acabado liso e sen ornamentos.
  - O revestimento de fachada deberá ser da parte de ladrillo e ladrillo revestido, sen afectar ao muro de pedra.
  - Por outra banda, e tal e como tamén se indica no informe técnico municipal, deberase presentar á maior brevidade posible o proxecto técnico para a execución da correspondente cuberta acorde co sinalado no PXOM e a lei 5/2016, na edificación que carece da mesma.
- Consonte ao informado pola arquitecta municipal:

Respecto da carpintería exterior, considerase que deberá presentar unha imaxe de conxunto, que se pode acadar co acabado en pintura: *"poderá ter unha ampla gama cromática, recomendando, por orde de importancia, as seguintes cores: ocre, verdes, brancos, roxos ou azuis. Prohíbese a cor negra nos materiais de defensa en balcóns, miradoiros e semellantes"*.

Respecto das baixantes de pluviais revisarase o trazado da baixante que discorre pola fachada da edificación identificada co nº 28, deberá ter un trazado vertical, sendo aconsellable unificar a recollida das augas do canlón na baixante que discorre pola fachada da edificación identificada co nº 30.

## 2.-Condicións xerais:

*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade*

*vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

**Nome ou razón social do promotor:** D<sup>a</sup> Teresa González González

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da licenza de obra.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

Escrito de dona Celsa Ferreiro Varela, con rexistro de entrada de 28 de xuño de 2024 no que expón:

En la calle rúa dos Fornos, el muro que está en el horno (espacio público) se está derrumbando, con peligro para los viandantes en los cuales me incluyo.

Solicita:

Se solucione con urgencia.

A xunta de goberno acorda comunicar que está en trámite un expediente administrativo urbanístico de orde de execución.

Escrito de dona Pilar Selas Chao, con rexistro de entrada no concello de 26 de xuño de 2024, no que expón:

En 2017 el servicio de Patrimonio Cultural autorizó la instalación de una rampa dando acceso a la acera que existe desde el edificio de la oficina de turismo hasta la dirección Plaza Mayor 11 hacia el callejón de Tomas de Lemos. Este acceso es necesario para todas las viviendas sitas en esa fachada en la que cada vez hay más gente mayor.

Solicito: el concello realice esta obra o dé respuesta a como realizarla con la mayor brevedad posible.

A xunta de goberno acorda encargar á arquitecta municipal a redacción dun proxecto que dé solución á problemática plantexada e remitir o mesmo á Patrimonio a efectos de obter a preceptiva autorización.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.**

### **5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.**

## **APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura emitida por Cristafiel Grabados por suministro de copas para a feira do viño do Ribeiro 2024, por importe de 6.074,94 euros.

## **ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2024**

Dase conta da proposta de Dona Yolanda Gómez Gómez como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan co teor que consta nos mesmos e coa aprobación do gasto que se describe: NAUTA TEATRO E TROPICO DE GRELOS ,o día 19 de xullo; NOVA GALEGA DE DANZA, ó día 19 de xullo; SUAVE DE ALICE RIPOLL, o día 20 de xullo; HOTEL IOCANI, o día 20 de xullo ; COMPAÑÍA LUCAS ESCOBEDO, o día 21 de xullo; YLLANA Y NACHO VILLAR, o día 22 de xullo; TECUATROMZS S.L., o día 22 de xullo; LA CORCOLES, ó día 23 de xullo; PONT FLOTANT, o día 23 de xullo; SILVIA SOTELO E CLARA FERRAO, ó día 23 de xullo; LOS GALINDOS, ó día 24 de xullo; A MIL RUT, ó día 24 de xullo; ANTÓN COUCHEIRO, ó día 25 de xullo; MIRAMEDIA, ó día 25 de xullo; MANEKINEKO, ó día 26 de xullo; CIA ORAIN BI, ó día 26 de xullo; ALBERTO VELASCO, ó día 27 de xullo; BUTACAZERO, ó día 27 de xullo.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo.

E sendo as nove horas e vinte e sete minutos e non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.